



CONCELLOS EN REDE POR GALIZA

A alternativa política que representa o Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas ten entre os seus obxectivos o de construír un país novo e libre, unha Galiza, a do século XXI, con poder político real, libre e soberana, que poida desenvolver as súas potencialidades económicas, sociais e culturais en harmonía con todos os pobos e nacións do mundo. E somos conscientes de que a representación municipal ofrece numerosas posibilidades de transformación social para ir, concello a concello, construíndo esa Galiza nosa, creando as condicións que posibiliten unha vida digna para o conxunto da veciñanza.

O traballo do BNG en numerosos concellos, nomeadamente alí onde estamos no goberno municipal, actúa e continuará a actuar de verdadeiro dique de contención fronte as políticas antisociais e antigalegas da Xunta e de Madrid. Por iso xulgamos máis necesario que nunca desenvolver un proxecto político en chave nacional nos diferentes concellos.

Nesta liña, queremos aproveitar esta oportunidade para nos **comprometermos a impulsar e conformar unha estrutura estábel, de cooperación recíproca, en rede, como alicerce dese país libre por que traballamos**. Velaquí un exercicio de determinación política para **construír un auténtico Contrapoder fronte ás políticas**

de devastación. Velaquí unha rede de concellos insubmisos aos ditados da UE, do Goberno español e da Xunta, que fundamentarán a súa acción común nos seguintes criterios políticos:

1. **Concellos comprometidos na loita contra a pobreza e, de maneira moi particular, contra a pobreza enérxetica** e, por tanto, concellos implicados en garantir que todos os fogares teñan dereito aos servizos domésticos básicos (auga, electricidade, gas...).
2. **Concellos libres de desafiuzamentos**, en que ningunha persoa poderá ser desaloxado da súa vivenda habitual sen garantía dunha alternativa habitacional, e por tanto, en que o dereito á vivenda será un dereito a garantir polos poderes públicos.
3. **Concellos á vangarda das políticas de igualdade** entre mulleres e homes, fomentando actuacións que contribúan a visibilizar socialmente as mulleres e que actúen decididamente a prol da erradicación da violencia machista.
4. **Concellos plenamente implicados na promoción de usos da lingua galega**, desenvolvendo actuacións planificadas que contribúan á normalización de usos do noso idioma nos máis diversos ámbitos da vida municipal.
5. **Concellos de intolerancia absoluta coa corrupción**, e en que a transparencia e as boas prácticas sexan a única norma de comportamento nos diferentes niveis do día a día da entidade local.
6. **Concellos comprometidos coa cultura e patrimonio propios**, destinando recursos á posta en valor das diferentes manifestacións culturais e patrimoniais galegas.
7. **Concellos orgullosos da nosa identidade colectiva como galegos e galegas, defensores e promotores do dereito a decidir da Galiza**, e ao mesmo tempo concellos solidarios coas diferentes causas dos pobos do mundo, así como coa defensa inquebrantábel dos dereitos humanos.
8. **Concellos radicalmente opostos ao TTIP (o Acordo Transatlántico de Comercio e Investimentos)**, tratado de libre comercio Unión Europea-Estados Unidos, polo que ten de lesivo para os intereses dos pobos e as maiorías sociais. Os Concellos en rede por Galiza apostan polo desenvolvemento a partir das propias potencialidades, polo comercio de proximidade e a economía local.
9. **Concellos que promovan a autoorganización social** nos máis diversos ámbitos da vida municipal: veciñal, cultural, xuvenil, etc., como garantía dunha sociedade máis democrática, máis crítica, máis consciente e máis participativa.
10. **Concellos que promovan a colaboración e as sinerxias entre as diferentes entidades municipais**, primando un deseño conxunto do país que combata o despoboamento e os desequilibrios territoriais, aposte polo futuro ambiental, teña en conta a realidade comarcal e escape das visións hiperlocalistas que lastran o desenvolvemento do conxunto da nación galega.